



Un Bob Esponxa xigante foi á romaría de Santa Marta de Ribarteme para recreo dos cativos. Cheo de aire contemplaba con sospeita a procesión dos cadaleitos. Nese momento insólito, o ollo de vidro dun fotógrafo imaxina unha posible conversa entre o debuxo animado e a forza ancestral e menciñeira da Santa. Faino entre xornalistas, familias, veciños, rosquillas e polbo á feira. Interésanos que di esa imposible xustaposición de planos dun mundo que atravesou a globalización, que navega a crise eco-social e os borrados da sociedade en rede, pois nese cruce hai outras forzas en xogo, quizais residuais pero aínda activas: veñen dun cosmos ancestral –mais histórico– hibridado e flexible, capaz de convivir –sen disolverse– con outros imaxinarios e rexistros.

Cabe situar esa encrucillada poética para alén das lóxicas espectaculares ou disciplinarias das industrias da cultura en Galicia, co seu carácter moitas veces restritivo e o seu discutido modelo de recursos, exemplificado outrora no paradigma da Cidade da Cultura. Nas lombas do Gaiás incorporouse un domesticado «bosque de Galicia», pero o seu propósito civilizador non conseguiu conxurar a ameaza dun «retorno do salvaxe», da irrupción do vernáculo contra a arquitectura neoliberal daquel espazo. Porque a posible aparición de homes-maio, de comedores de toxos, de colosos de bosta interrompe a fantasía dunha total «urbanización da cultura» galega. É toda unha metáfora dun non-lugar cultural: dun ecosistema que hoxe –alén dunha burbulla institucional autocentrada (unha nave espacial, segundo Chévere)– vive nos eidos da cultura popular, da experimentación artística e da festa.

Escollemos tres itinerarios posibles para pensar a intersección dos mundos de Santa Marta na era de Bob Esponja: primeiro, a relación cos fantasmas do tradicional; segundo, a defensa dos vínculos co territorio fronte o extractivismo; e, terceiro, o rexistro das ansiedades políticas globais ante a inminencia da gran crise climática. Ollamos para os espazos sen espazo onde a cultura popular galega foi desbordada polas lóxicas do capitalismo avanzado. Os hórreos viran hoxe formas sen función. As casas doentes postas a morrer foron o símbolo da conquista da liberdade dos seus antigos propietarios. Falan dunha autonomía perdida. Pola contra, emerxe a conciencia hoxe de habitar nun territorio que, xa desde época romana, foi comprendido como depósito de recursos. Este xigantesco mapa do tesouro faise outra vez facilmente lexible grazas aos novos prezos das materias –ouro, litio, wolframio– e, así, o territorio convértese en cartografía, mentres medran os intentos de organización colectiva da súa defensa.

Por último, fronte ás nosas ansiedades distópicas, invocaremos a imaxe dun Pórtico da Gloria tecno-futurista. Os canteiros medievais esculpiron a orquestra dos Anxos xusto a piques de comezar o gran concerto da Apocalipse. Afinan. Pero mentres os músicos non comezan a tocar os seus instrumentos únicos, da máis alta tecnoloxía artesanal, temos que preguntarnos polo que significa habitar agardando hoxe, nos intres previos á catástrofe total, cando aínda cómpre preguntarse: *que facer?*

Agricultura livre: cosmos en crise e mundo por vir